

Borrador 22.12.06

Relevancia do servizos prestados noutras categorías no réxime extraordinario de carreira profesional (persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional)

Proposta condicionada ao que resulte da negociación en Mesa Sectorial e dos informes e autorizacións que sexan preceptivos.

BASES DO ACORDO SOBRE RÉXIME EXTRAORDINARIO DE CARREIRA PROFESIONAL DO PERSOAL ESTATUTARIO DAS CATEGORÍAS DE XESTIÓN E SERVIZOS E SANITARIAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

No borrador presentado polo Servizo Galego de Saúde na Mesa Sectorial do 14 de novembro de 2006 figuran, entre outros, os seguintes requisitos esenciais para acceder e progresar nos catro graos do réxime extraordinario de carreira:

- a) Ostentar a condición de persoal estatutario fixo da categoría na que se solicite o acceso á carreira, con praza en propiedade nas institucións sanitarias do Sergas.
- b) Estar en situación de activo ou asimilada en dita categoría, de conformidade co establecido na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco.
- c) Acreditar, para acceder ao grao I e progresar nos sucesivos graos, un tempo de experiencia profesional na mesma categoría de acceso (neste intre concreouse en 5 anos o período requerido para acceder ao grao I e, polo tanto, para incorporarse a este réxime extraordinario).

As organizacións sindicais teñen reivindicado que, dada a relevancia da promoción interna neste colectivo –particularmente no de xestión e servizos–, o último requisito se modifique no senso de que sexan tomados en consideración os servizos prestados noutras categorías.

Ante esta pretensión fórmase a seguinte proposta para a súa incorporación ao Borrador de Acordo:

Motivación:

Borrador 22.12.06

Relevancia do servizos prestados noutras categorías no réxime extraordinario de carreira profesional (persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional)

Proposta condicionada ao que resulte da negociación en Mesa Sectorial e dos informes e autorizacións que sexan preceptivos.

Trátase de aportar, na súa medida, un valor a traxectoria profesional en máis dunha categoría que debe ter unha motivación baseada no coñecemento da organización no ámbito funcional no que se desenvolve a carreira profesional, recoñecemento da aportación aos resultados da experiencia nese área funcional . Esa aportación ten maior relevancia no grao I, e xa menor no grao II. Esta solución resulta equitativa para o colectivo de persoal que, dentro da clase de xestión e servizos, ou de técnicos sanitarios opta polo recoñecemento da carreira profesional no réxime extraordinario de acceso.

Para valorar a proposta debe sempre considerarse que a promoción interna é de seu o máis relevante mecanismo de progreso profesional e económico. Así, na normativa xeral da función pública considerase ao sistema de promoción interna como un elemento da carreira administrativa do persoal .

a) Para incorporarse ao réxime extraordinario de carreira (grao I), e progresar ao grao II, ademais da totalidade dos servizos prestados na categoría de acceso (como fixo ou temporal, incluíndo os servizos prestados por promoción interna temporal), computaranse adicionalmente os servizos prestados como persoal fixo noutras categorías da mesma área funcional que a categoría de acceso, de acordo coa seguinte escala (referencia 100%: servizos na categoría de acceso):

- mesmo ou superior grupo de clasificación (por nivel de titulación: A,B,C,D ou D): 90 %.

- grupo inferior en un nivel: 75 %.

- grupo inferior en dous niveis: 50 %.

- grupo inferior en tres niveis: 30 %.

- grupo inferior en catro niveis: 15 %.

Borrador 22.12.06

Relevancia do servizos prestados noutras categorías no réxime extraordinario de carreira profesional (persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional)

Proposta condicionada ao que resulte da negociación en Mesa Sectorial e dos informes e autorizacións que sexan preceptivos.

b) Os servizos prestados como persoal fixo en categorías de distinta área funcional computarán para acceder ao grao I de acordo coa seguinte escala (referencia 100%: servizos na categoría de acceso):

- mesmo ou superior grupo de clasificación (por nivel de titulación: A,B,C,D ou D): 80 %.

- grupo inferior en un nivel: 65 %.

- grupo inferior en dous niveis: 40 %.

- grupo inferior en tres niveis: 20 %.

- grupo inferior en catro niveis: 5 %.

Durante estes períodos aplicarase a porcentaxe correspondente á categoría na que se ostenta nomeamento como persoal fixo (*a promoción interna temporal en categorías distintas á de acceso resulta irrelevante, sen prexuízo de que o período sempre se compute na categoría con nomeamento de persoal fixo*).

No cómputo da experiencia profesional noutras categorías descontaranse dous anos de servizos (no caso de acreditar experiencia profesional como persoal fixo de varias categorías, o desconto practicarase na categoría con porcentaxe inferior).

□